



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LOUSAME

Aprobación definitiva de supresión de prezo público e derogación de Ordenanza reguladora

O Concello de Lousame, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26/03/2026, acordou a aprobación inicial da supresión do prezo público e derogación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar, coa seguinte redacción:

“Primeiro: Aprobar inicialmente a supresión do prezo público e derogar a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do mesmo terá lugar cando se publique complementemente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 da LRBRL”

Aperturouse un período de información pública, mediante anuncio publicado no Taboleiro de Edictos da sede electrónica o día 27/03/2026 e no Boletín Oficial da Provincia núm. 61 do 01/04/2026. Dito período de información pública rematou o día 18/05/2026, sen que conste presentada ningún tipo de suxerencia ou reclamación. Por este motivo, enténdese elevado a definitivo o acordo plenario do día 26/03/2026, que até ese momento era provisional.

A supresión do prezo público e derogación da Ordenanza reguladora entrará en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Contra o acordo definitivo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Lousame, a 19 de maio de 2026

O Alcalde, Esteban Ares García

2026/3277